

Plan de Orientación

IES VAL DO TEA

CURSO:

2022/23

MAITE DÍAZ

ALONSO

INDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
 - 2.1.Marco Lexislativo
 - 2.2.O centro educativo
 - 2.3.O alumnado
- 3. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES**
- 4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
 - 4.1.Composición do Departamento de Orientación
 - 4.2. Horario do departamento
 - 4.3. Asesoramento e colaboración ao profesorado
 - 4.4. Atención ao alumnado
 - 4.5. Atención e asesoramento ás familias
- 5. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS**
 - 5.1.Obxectivos relativos ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria
 - 5.2.Obxectivos específicos relativos ao Departamento de Orientación
 - 5.3.Obxectivos específicos relativos aos diferentes membros da comunidade educativa
 - 5.4.Competencias
- 6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**
- 7. PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**
- 8. AVALIACIÓN**
- 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 10. METODOLOXÍA DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
ADAPTADO AO CONTEXTO DA COVID19**
- 11. REFERENCIAS LEXISLATIVAS**

ANEXOS

- **Concreción do PAT**
- **Concreción do POAP**
- **Programa de Habilidades Sociais**

1. INTRODUCCIÓN

A **orientación educativa** é un eixo central na organización e funcionamento do centro. Como sinala a LOMLOE, é o medio para lograr unha ensinanza personalizada e un factor de calidade da ensinanza. Por este motivo, o Plan de Orientación (POE) responde á realidade do noso centro implicando intervencións dende o Departamento de Orientación (DO) que promoven a mellora da calidade educativa e o cambio de paradigma do “*non é capaz*” ao “*é capaz*” tal e como sinala a recentemente publicada Orde de atención á diversidade do 8 de setembro do 2021. As/os orientadoras/es debemos ser promotoras/es do cambio no seo dunha escola inclusiva na que se fomenta a participación de toda a comunidade educativa e favoreza que o alumnado desenvolva o seu talento e maximice o seu potencial. Para facelo efectivo, traballamos dende un modelo sistémico de intervención, é dicir, orientación como proceso de *responsabilidade compartida* por todo o equipo docente coordinada polo titor/a coa colaboración da familia, o asesoramento da orientadora/or, os equipos de orientación específicos e a supervisión da Inspección Educativa (en diante, IE). Ademais, é preciso sinalar os seguintes aspectos: deseñamos un POE flexible que se poida adaptar a cada curso e ás novas realidades; non traballamos de xeito aislado, senón en coordinación con todos os departamentos e documentos de centro realizando unha planificación anual que abrangue á toda a comunidade educativa de xeito colaborativo nos distintos niveis da orientación como sinala o D129/1998. Así, os titores/as das tres liñas da ESO, das tres modalidades de Bacharelato e da ESA traballarán conxuntamente para lograr o desenvolvemento do alumnado a través da personalización da aprendizaxe.

Este POE que se elabora tendo en conta o PE (Art. 121 LOMLOE), PXAD, PAT, POAP, Plan de Convivencia e Plan de Igualdade defínese como un instrumento de planificación, desenvolvemento e avaliación da acción tutorial, a OAP, a intervención psicopedagóxica, o asesoramento aos distintos membros da comunidade educativa, e a colaboración con outros organismos e institucións. A súa finalidade principal é servir de guía para realizar unha toma de decisións previa á acción educativa que nos permita prever dunha forma deliberada a nosa intervención. Nesta liña, o centro educativo a través do PE e concrecións no resto de documentos de centro -como é o caso do presente POE-, establece como liña de actuación prioritaria contribuír á consecución do **ODS Nº 4** proposto pola ONU na *Axenda 2030*: garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e propoñer oportunidades de aprendizaxe para toda a vida. Por outra banda, porque o alumnado ten que ser protagonista da súa propia realidade educativa, e ser á súa vez cidadanía crítica, formada, consciente e activa na súa realidade cotiá. Polo tanto, este documento supón un referente teórico da nosa actuación, feito polo que debe ser flexible, aberto e suxeito a modificacións, situacións sobrevidas,

cambios e adaptacións, facendo fincapé no seu aspecto dinámico. Dende o DO, lévase a cabo dende un **modelo de Orientación compartida** que se vertebra dende o modelo de programas tendo en conta os tres niveis: acción tutorial (AT), departamento de orientación (DO) e Equipos de Orientación Específicos (EOE). O primeiro nivel é o máis próximo ao alumnado e ao profesorado, o segundo nivel serve de apoio ao primeiro, e o terceiro constitúe o aspecto especializado da orientación.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. Marco Lexislativo

O **artigo 1 da Lei Orgánica 3/2020, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de educación** (en adiante, LOMLOE), recolle a orientación educativa e profesional coma un medio necesario para unha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores. Isto último trátase dunha clara referencia ás competencias clave definidas na **Orde ECD/65/2015 (recentemente derogada)** e nas **Recomendacións do Parlamento Europeo do 18/12/2006** onde a persoa orientadora ten un papel especialmente importante para o seu desenvolvemento.

Na mesma liña, no **artigo 91** establécese entre as funcións do profesorado a orientación educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración cos servizos especializados.

Este Plan basease na normativa legal vixente en materia de orientación, onde destaca o **Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**, e a **Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa comunidade**. Terase tamén en conta a **Circular 10/2010, da DXEFPIE pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional**.

No caso concreto do noso IES, teremos en conta o **Decreto 324/1996, polo que se regula o regulamento orgánico dos IES**.

Para a elaboración deste Plan de Orientación teranse tamén en conta diversos documentos de centro, entre os que destacan a Programación Xeral Anual, as Normas de Organización e Funcionamento e o Plan de Convivencia.

Ademais das anteriores referencias lexislativas, a normativa que regula as diferentes etapas educativas é a seguinte:

Etapas educativas que se imparten no centro:

- 1º e 3º ESO e 1º curso de Ciclos Formativos de FPB: Real Decreto 217/2022 do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO. (pendente publicación do Decreto de Currículo).
- 2º e 4º ESO = Real Decreto 126/2015 e D.86/2015
- Real Decreto 984/2021 do 16 de novembro polo que se regula a avaliación e promoción de Primaria, ESO, Bacharelato e FP.(vixente EN 2º Y 4º ESO); derogado polo Real Decreto 243 de 2022 para o curso 2022/2023.
- Orden del 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, pola que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na CAG. (pendente de publicación do novo decreto de currículo).
- **Resolución do 26 de maio de 2022** da SXEFP, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.
- **ESA ADULTOS:**
- Lei 9/1992 de Educación e promoción de adultos
- Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación para persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
- Orden do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para las personas adultas y se establece su currículo en la comunidad autónoma de Galicia.
- Resolución do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de FP, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas

	no curso 2022/23
Convivencia:	- Decreto 8/2015 , do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 , do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
Atención á diversidade:	- Decreto 229/2011 , do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde de 8 de Setembro de 2021. - Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de atención á diversidade

2.2. O centro educativo

No curso académico actual, a organización da oferta educativa do centro é a seguinte:

CODIGO	CENTRO	CONCELLO	ANO ACADÉMICO
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2022-2023
Nivel	GRUPOS		
ESO	1º de ESO: 3 grupos. Agrupamento Flexible. 2º de ESO: 3 grupos. Agrupamento Flexible. 3º de ESO: 3 grupos. 1º curso do Programa de Diversificación Curricular. 4º de ESO: 3 grupos		
BAC	1º de BAC: 3 grupos 2º de BAC: 3 grupos		
ESA	Módulo 1: 1 grupo Módulo 3: 2 grupos		

Características singulares do centro:

O IES Val do Tea está situado no municipio de Ponteareas, concello que forma parte da bisbarra do Condado, do que é a súa cabeza reitora. Posúe unha extensión de 125,6 Km cadrados e está articulado en 24 parroquias. Na actualidade conta cunha poboación de 23.000 habitantes, dos que aproximadamente 1159 proveñen doutros países. Ponteareas é unha vila situada a 52 KM de Pontevedra e a 26 de Vigo; conta con boas comunicacións xa que é cruzada pola autovía que a une directamente con Vigo. Isto unido a un crecemento urbanístico considerablemente importante nos

derradeiros anos fai que esta vila se estea a converter nunha cidade dormitorio para moitas familias cuxos proxenitores traballan en Vigo, o que implica un crecemento na poboación escolar da zona. A localidade conta cun centro de saúde de atención primaria, 15 centros educativos tanto de Educación Infantil e Primaria como de ensinanza obrigatoria e post-obrigatoria; unha biblioteca; auditorio municipal; museo municipal; museo etnográfico do Castelo de Sobroso, así como numerosas asociacións sociais e culturais que dinamizan a vida cultural do Concello. Por outro lado isto implica unha ampla oferta de actividades culturais que poden ser levadas a cabo polo alumnado fóra do horario escolar. Temos que sinalar que Pontearreas é un municipio con ampla riqueza histórica e cultural, así como cunha arraigada tradición musical.

O IES Val do Tea é un centro de titularidade pública que escolariza ao alumnado de secundaria do propio concello (procedente de doce aldeas próximas á vila: Bugarín, Prado, Pías, Fozara, Paredes, Ribadetea, Padróns, Areas, Arnoso, Xinzo, Moreira e Angoares) e de concellos limítrofes como Covelo e A Cañiza. Así mesmo, acolle alumnado de Mondariz e Mondariz- Balneario para cursar estudos de bacharelato.

En canto ao entorno familiar do que procede o alumnado presenta un perfil heteroxéneo o que é coherente coa poboación estranxeira e procedente de Vigo que traballa no sector da industria. Entre as expectativas de futuro para os seus fillos/as preténdese maioritariamente que continúen estudos universitarios ou de tipo profesional de Grao Medio ou Superior. O Claustro de profesores/as está formado por 49 docentes dos que una porcentaxe significativa teñen destino definitivo no centro, o que favorece a implicación dos mesmos nos programas desenvolto polo DO. En relación ás expectativas do alumnado no centro, a maioría reconece que os estudos son importantes de cara ao futuro. A relación e coordinación entre familias e centro é positiva, participando a través das canles formais como son o Consello Escolar ou a ANPA e adoitan mostrarse abertos a participar nas actividades propostas polo centro.

2.3.O alumnado

O noso IES recibe alumnado para cursar as ensinanzas da ESO, procedente dos centros adscritos CEIP Fermín Bouza Brey e CEIP Antonio Blanco Rodríguez. No tocante ás ensinanzas de Bacharelato, escolarízase alumnado que cursou a ESO no noso centro, así como aqueles que a cursaron no CPI de Mondariz e en diferentes centros privados e concertados da zona. Durante o curso 2022-2023, están matriculados actualmente un total de 542 alumnos e alumnas, repartidos do seguinte xeito:

CURSO	TOTAL
1º ESO	81 (A:28; B: 26; C:27)
2º ESO	69 (A:23; B: 22; C:24)
3º ESO	77 (A:18; B: 27; C:24) PDC: 8
4º ESO	73(A:23; B: 24; C:25)
1º BAC	100 A (32); B (33); C (39)
2º BAC	94 A (32); B (33); C (29 Artes)
ESA	46 Módulo 1 (11); Módulo 3 (A: 18; B: 16)

Con respecto ás características do noso alumnado, temos que sinalar que nos atopamos con alumnado heteroxéneo polo que se precisan desenvolver **medidas de atención á diversidade ordinarias ou extraordinarias** para desenvolver o seu proceso de ensino e aprendizaxe. Estas poden ser: adaptacións curriculares, Agrupamentos Flexibles, PDC, reforzo educativo do profesor de materia e apoios impartidos polo profesorado de Pedagogía Terapéutica.

En relación ao alumnado con necesidades educativas, as NEAE ás que debemos responder no noso centro, son:

- Alumnado diagnosticado de TDAH.
- Alumnado diagnosticado de TEA.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: dislexia.
- Alumnado de incorporación tardía. (descoñecemento das linguas vehiculares e/ou desfase no nivel de competencia curricular).
- NEAE por condicións persoais ou de historia escolar
-

3. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES

As necesidades detectadas xorden da avaliación do contexto e das dificultades detectadas en cursos anteriores. A información é completada polas aportacións dos membros do DO, xefatura de estudos, titores e titoras, entre outros.

COLECTIVO	NECESIDADES
Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Atención á diversidade. - Desenvolver a competencia de aprender a aprender: aprendizaxe de técnicas de traballo intelectual.

	<ul style="list-style-type: none"> - Orientación académico e profesional. Apoio e asesoramento en momentos críticos. - Formación en habilidades sociais que favorezan un clima de convivencia positiva.
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilización e asesoramento para a atención á diversidade. - Coñecemento de metodoloxías e estratexias innovadoras e motivadoras. - Aplicación dos diferentes protocolos elaborados pola Xunta de Galicia.
Familias	<ul style="list-style-type: none"> - Asesoramento e estratexias de actuación ante as dificultades de aprendizaxe e necesidades dos seus fillos/as.
Centro	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación e colaboración entre os distintos profesionais do centro para mellorar a resposta educativa do centro. - Establecemento dunha cultura colaborativa entre todas as persoas do centro.

Asemade, mencionamos as propostas recollidas na memoria de Orientación do curso anterior que serán tidas en conta para a planificación do curso escolar 2022/2023.

Proposta Memoria 2021 - 2022	Aspectos a manter e/ou cambios a introducir neste curso 2022 - 2023
Mellorar/formarnos nas Novas Tecnoloxías	É unha proposta con varios anos. Valorar co Equipo Directivo a forma máis axeitada de establecer esta formación
Revisar e actualizar o PAT	Ó longo do curso tratarase de mellorar este documento, dotándoo de ferramentas de coordinación entre titores do mesmo nivel e entre cada equipo docente
Insistir no acordado respecto ao intercambio de información co centro adscrito, realizando reunións trimestrais	A situación de pandemia dificultou a comunicación entre os tres centros. Este curso preténdese optimizar este aspecto.
Dar continuidade á elaboración do Plan de	Na liña do punto anterior, tratarase de elaborar un plan

Transición de primaria a secundaria	sistematizado que facilite este procedemento de transición, tendo en conta tanto ao alumnado como ás familias
Revisión e avaliación trimestral do PAT e da Atención á Diversidade	Empregaranse as reunións quincenais coa Xefatura de estudos e cos titores de cada nivel
Elaborar para o vindeiro curso documentos guía coa información por niveis sobre Orientación Académica e Profesional	Elaboraranse durante o primeiro trimestre, para comezar a empregalos, a partir do segundo
Deseñar instrumentos de avaliación obxectivos para as actuacións desenvolvidas	Elaboraranse rúbricas, cuestionarios, listas de cotexo, e outras ferramentas, para ser empregadas como sistema de avaliación das actividades levadas a cabo polo DO
Actualizar as probas de Avaliación Psicopedagóxica que hai no departamento	Como complemento a esta necesidade, tratase de manter ao longo do curso unha comunicación fluída co IES Pedra da Auga, para compartir recursos e probas.
Potenciar a participación das familias a través de reunións, entrevistas, colaboración coas ANPAs, información na web, nas diferentes actuacións e programas que se establezan dentro do ámbito de actuación da orientación.	A comunicación coa ANPA do IES será esencial para este aspecto.

4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O DO é un **órgano de coordinación docente** que traballa en colaboración cos diferentes sectores da comunidade educativa. En concreto, o DO organizará o seu traballo atendendo ás funcións que lle son encomendadas no **Decreto 120/1998**, e na **Orde do 24 de xullo de 1998**, así como o que establece para o presente curso académico a **Resolución do 17 de xullo de 2021**

Deste xeito, o DO organizará o seu traballo atendendo as **funcións** que lle son encomendadas no citado decreto e na orde que o desenvolve, entre as que se atopan:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten o alumnado.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoos no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

- Establecer canles de comunicación cas diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións ou institucións.
- Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

4.1.Composición do departamento

De acordo co disposto no **artigo 3 do Decreto 120/1998** a **composición** do DO é a seguinte:

- Un profesor especialista en **Pedagogía Terapéutica** que exercerá as funcións de apoio ao alumnado NEAE: Xabier Porto Parente
- Profesoras de ámbito:
 - o Científico-matemático: María José Pazo Pérez
 - o Lingüístico e Social: M^a Carmen Pérez Muradas
- Xefa do Departamento de Orientación do CEIP Fermín Bouza Brey: Beatriz Iglesias Rodríguez
- Xefa do Departamento de Orientación do CEIP Antonio Blanco Rodríguez de Covelo: Carla Sandrina Cerqueira
- Unha **orientadora** do corpo de ensino secundario que desenvolve a Xefatura do DO: Maite Díaz Alonso

4.2.Horario da Xefatura do Departamento de Orientación

HORARIO DO					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					

9.35-10.25		TITORÍA NAIS PAIS	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	GARDA
10.25-10.45	ATENCIÓN ALUMNOS				
10.45-11.35		XDO	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	REUNIÓN DO
11.35-12.25		ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN
12.25- 12.45	ATENCIÓN ALUMNOS				
12.45- 13.35	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACIÓN	
13.35-14.25	GARDA				
16:20- 17.10	ORIENTACIÓN				
17.10-18.00	ORIENTACIÓN				

Para desenvolver a coordinación interna, o DO realizará a seguinte coordinación:

- Unha reunión semanal co profesor de PT do centro.
- Unha reunión quincenal coas titoras e os titores da ESO, a Xefa de Estudos e o PT, destinada á planificación, seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial e do PXAD.
- Unha reunión mensual cos membros do Departamento do IES para realizar o seguimento e avaliación do Plan de Orientación. Trimestralmente acudirán tamén a esta reunión as xefas do DO dos centros adscritos.

Como mencionamos anteriormente, para realizar unha axeitada coordinación e seguimento da acción tutorial en secundaria, a Xefa do Departamento, xunto á Xefatura de Estudos, reuniranse periódicamente cos titores/as de acordo co previsto no plan de acción tutorial (PAT). A orientadora facilitará material e propostas de actividades para as titorías e terá unha estreita comunicación con cada un dos titores/as co obxectivo de realizar un correcto seguimento do alumnado que o precise ben por ser obxecto de MAD, por presentar dificultades no ámbito da convivencia ou por ter un baixo rendemento académico.

A xefa do departamento manterá tamén as relacións necesarias cos Servizos Sociais do Concello, con asociacións, EOE e cos diferentes profesionais externos ao centro que atendan ao noso alumnado.

4.3. Asesoramento e colaboración ao profesorado.

Asesorarase e colaborarase co profesorado no seguimento, revisión, como no desenvolvemento de:

- Proxectos de Centro: O DO representa recurso de apoio aos Proxectos de centro, tanto no que se refire aos procesos de ensino-aprendizaxe, como a acción tutorial e a orientación académica e profesional.
- As medidas contempladas no PXAD, especialmente en relación a enfoques metodolóxicos e procedementos de avaliación, tanto das aprendizaxes como dos procesos de ensino. Promoveranse aquelas metodoloxías dirixidas a facilitar a atención a grupos heteroxéneos e a colaboración entre iguais.
- PAT: As actuacións deberán referirse, polo menos, aos seguintes ámbitos: desenvolvemento persoal e social, seguimento do alumnado, relación coas familias e orientación académica e profesional. Así mesmo, prestarase especial atención ao proceso de transición educativa.
- Os Departamentos Didácticos poderán ter en conta as consideracións do DO á hora de deseñar as súas programacións de aula e programacións didácticas con relación á metodoloxía, criterios de avaliación, estruturación dos contidos, organización dos tempos e espazos nas aulas, agrupamentos e adaptacións curriculares.

- Os DO reforzarán as actuacións dirixidas á identificación de necesidades educativas ocasionadas por esta situación, en coordinación co profesorado titor, así como as medidas e programas para a súa atención. Prestarase tamén unha especial atención ao coidado e benestar da comunidade educativa. Igualmente, proporcionaráselle asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade así como adaptar a súa propia función de orientación á situación do momento.

4.4. Atención ao alumnado.

A atención ao alumnado é o eixo central deste plan, de forma directa polos membros do DO, e indirecta a través do titor ou titora ou do profesorado. Teremos especialmente en conta as seguintes actuacións:

- Promoción das condicións necesarias para a inclusión dos novos alumnos e alumnas no centro e no grupo-clase, con especial atención ao alumnado novo. Planificaranse actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios.
- Os alumnos e as alumnas con NEAE serán atendidos polo membro do DO que mellor responda ás súas necesidades educativas e persoais. O DO coordinarase na atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do seu benestar e na atención ás familias.
- Por outra banda, as actuacións dirixidas á orientación académica e profesional representan un proceso continuo ao longo da escolaridade que deberá facilitar ao alumnado un coñecemento de si mesmo, a capacidade de toma de decisións, a elección das distintas opcións educativas e o descubrimento do ámbito profesional que se vai desenvolvendo durante a súa escolaridade e ao final da mesma, dende posicións de igualdade de dereitos entre homes e mulleres.

- Por último, seguindo a normativa vixente, a Xefa do DO, colaborará na elaboración do Consello Orientador, ao termo de cada un dos cursos da ESO. Cando así o considere, incorporará información específica relacionada coa avaliación psicopedagóxica.

4.5. Atención e asesoramento ás familias

As familias forman parte da comunidade educativa e ocupan un lugar central no proceso educativo do alumando. Debemos ser capaces de desenvolver un **modelo de colaboración** entre familia e centro, sempre sendo o obxectivo principal o pleno desenvolvemento do alumnado. A familia é un axente educativo fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe

Polo tanto, na esfera familiar, o noso plan tentará contribuír á colaboración entre estas e o centro, para que redunde na eficacia educativa, entendendo que a familia é un axente educativo fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe. Para esta finalidade, adícase un horario específico ademais de todas as actuacións que se realicen para cumprir as funcións que nos son encomendadas.

A xefa do departamento manterá tamén as relacións necesarias cos Servizos Sociais do Concello, con asociacións, EOE e cos diferentes profesionais externos ao centro que atendan ao noso alumnado.

Destacamos a modo de resumo as funcións de asesoramento e colaboración do DO:

- **Proxectos de Centro:** o DO ofrece un recurso de apoio aos Proxectos de centro, tanto no que se refire ao proceso de ensino e aprendizaxe, como a acción titorial e a orientación académica e profesional.
- As medidas contempladas no **PXAD**, especialmente en relación a enfoques metodolóxicos e procedementos de avaliación, tanto das aprendizaxes como dos procesos de ensino.
- **PAT.**
- Os **Departamentos Didácticos** poderán ter en conta as consideracións do DO á hora de deseñar as súas programacións de aula e didácticas, en relación á metodoloxía, criterios de avaliación, estruturación de contidos, organización dos tempos e espazos nas aulas, agrupamentos e adaptacións curriculares.
- Do mesmo xeito, asumimos o establecido na **Resolución do 26 de xuño de 2026, da SXEFP, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2021/2022.**

5. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS.

5.1.Obxectivos adaptados ao centro e ao alumnado para educación secundaria obrigatoria

a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal, sendo necesaria a implicación activa das familias para logralo.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e propiciar a manifestación espontánea dos sentimentos propios nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, o acoso escolar, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación, tendo en conta que nas casas non sempre atopan nin os medios nin a preparación suficiente das familias para axudalos.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Capacidades moi difíciles de adquirir dada a idade na

	que se atopa o alumnado desta etapa.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura, aproveitando o papel fundamental da biblioteca que proporciona material en ambas linguas para as seccións de aula.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada e loitar contra o rexeitamento e a vergoña de expresarse nestas linguas.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, sobre todo na arte contemporánea que descoñecen e lles custa respectar, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.2. Obxectivos específicos do departamento de orientación

Os obxectivos adaptados ao contexto das etapas expresados no punto anterior son a guía que debemos ter en conta no deseño da programación do departamento. Os programas e actividades que propoñemos deben favorecer o desenvolvemento no alumnado das competencias clave, actitudes e valores expresados neses obxectivos. Mais o departamento de orientación ten ademais outras funcións específicas que implican o traballo noutros ámbitos e polo tanto debemos ter en conta uns obxectivos específicos e propios do departamento.

O obxectivo xeral ao que se dirixen todas as nosas actuacións é o de **acadar o máximo desenvolvemento das capacidades e competencias de todo o alumnado, o seu desenvolvemento integral e a súa integración social, así como o respecto á diversidade, mediante a adecuación progresiva da atención educativa ás características particulares dos alumnos e alumnas.** De xeito concreto, establécense os seguintes obxectivos específicos:

1	Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado a través da programación de actividades, programas e actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos xerais das etapas, o desenvolvemento das competencias clave e o progreso na interiorización dos valores e actitudes incluídos nos elementos transversais.
2	Ofrecer recursos e apoio técnico ás titorías para levar a cabo o desenvolvemento do plan de acción titorial e participar nas actividades de información e asesoramento incluídas plan de orientación académico profesional.
3	Colaborar coas titorías no seguimento do alumnado con dificultades no ámbito da convivencia ou con baixo rendemento académico.
4	Favorecer a madurez vocacional do alumnado a través de actividades e actuacións incluídas no plan de orientación académico e profesional (POAP). Asesorar ao alumnado e as familias non momentos máis decisivos do proceso educativo, nos que haxa que tomar decisións académicas importantes.
5	Deseñar programas de desenvolvemento de habilidades sociais e resolución de conflitos de cara a previr dificultades na convivencia y o desenvolvemento da competencia emocional e social no alumnado do centro.
6	Participar de xeito activo nos problemas de convivencia colaborando na resolución positiva dos conflitos, na organización de medidas que melloren a convivencia. Colaborar no

	desenvolvemento do plan de convivencia do centro.
7	Participar na organización das medidas de atención á diversidade (MAD) e conseguir a optimización dos recursos persoais, o correcto funcionamento e máximo aproveitamento das medidas.
8	Realizar un seguimento continuo da evolución do alumnado que precisa medidas de atención á diversidade.
9	Realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado que o necesite, en colaboración co profesorado. Elaborar os informes psicopedagóxicos.
10	Establecer canles efectivos de coordinación interna entre o profesorado do centro e canles de coordinación externa cos profesionais especialistas que atenden ao noso alumnado e cos profesionais que interveñen nos diferentes programas no centro.
11	Atender as demandas de asesoramento dos membros da comunidade educativa.
12	Deseñar actuacións e programas encamiñados a detección temperá e a prevención de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto ou das características persoais.
13	Favorecer a utilización de metodoloxías e recursos que melloren a calidade da resposta educativa que ofrecemos ao alumnado.
14	Asesorar as familias e promover a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as.

5.3. Obxectivos específicos relativos aos diferentes membros da comunidade educativa

De xeito específico e tendo en conta as accións prioritarias establecidas tanto no presente Plan como na lexislación vixente (**Circular 10/2010**), propóñense unha serie de obxectivos polo miúdo que marcarán tódalas actuacións que se realicen neste curso académico.

Axente	Obxectivos
Respecto ao profesorado	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na axeitada coordinación e asesoramento aos equipos docentes, a través da labor tutorial, para atender de xeito integral as necesidades do alumnado. - Coordinar a labor dos titores, segundo o Plan de Acción Tutorial e propor as modificacións oportunas no dito Plan.

	<ul style="list-style-type: none"> - Asesorar e colaborar co profesorado que o demande nos tres ámbitos de actuación da orientación. - Colaborar cos departamentos que o precisen na implantación de medidas de atención á diversidade segundo o PXAD. - Dinamizar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios, materiais didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente e un axeitado proceso de ensino/aprendizaxe no alumnado, incluído o ensino mixto.
Respecto ao alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Contribuír ao fortalecemento do alumnado a través do PAT e dos programas que se realicen, de hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, así como formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás. - Contribuír a que o alumnado de bacharelato adquira formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, orientándoos para acceder á educación superior e/ou ó mercado laboral. - Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar. - Coñecer as aptitudes, actitudes e intereses do alumnado para unha eficaz orientación educativa. - Promover os programas de adquisición de técnicas de estudo, habilidades e estratexias de aprendizaxe, en relación co desenvolvemento do currículo. - Desenvolver a madurez vocacional do alumnado e facilitar asesoramento vocacional para a elección académica ou profesional. - Identificar as dificultades e diagnóstico das potencialidades educativas do alumnado, a través do proceso de Avaliación Psicopedagóxica. Na atención ao ANEAE coidarase que todos teñan acceso ao proceso de ensino-aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
Respecto ás familias	<ul style="list-style-type: none"> - Establecer canles de comunicación, coordinación e colaboración, a través do PAT, para a súa implicación no proceso de formación persoal e escolar dos seus fillos.

	<ul style="list-style-type: none"> - Garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. -Potenciar a súa participación a través de reunións, entrevistas, colaboración coas ANPA'S, información na web, nas diferentes actuacións e programas que se establezan dentro do ámbito de actuación da orientación. - Asesorar e potenciar a creación dunha escola de país e nais, a través da ANPA.
Respecto ao centro	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar e asesorar na elaboración e nas modificacións dos diferentes documentos do centro e en especial nos que afecten ao relacionado coa orientación persoal, académica e profesional. - Implicar ao centro na mellora da convivencia escolar. - Promover accións de planificación e desenvolvemento da actividade orientadora persoal, escolar e profesional en tódolos niveis. - Apoiar e promover iniciativas de formación.
Respecto a outros organismos e Institucións	<ul style="list-style-type: none"> - Contactar e colaborar periódicamente cos centros educativos da contorna. - Contactar, colaborar e coordinarse co Concello e cos seus servizos, en especial co de educación e servizos sociais. - Contactar, coordinar e colaborar co Equipo de Orientación específico de Pontevedra e coa Inspección Educativa. - Contactar, coordinarse e colaborar coa Universidade, CIUG, organismos de emprego e Consellerías. - Contactar, coordinarse e colaborar coas ONGs que desenvolven proxectos no centro: Arela, Avelaíña, Cruz Vermella Pontearreas...

5.4.COMPETENCIAS:

Dende a nosa programación incidiremos, fundamentalmente, na contribución ás competencias de aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e a competencia social e cidadá.

A **Orde ECD/65/2015** (recentemente derogada) define competencia como “a capacidade de responder a demandas complexas e levalas a cabo en tarefas diversas dun modo axeitado. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores

éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”

Dende a nosa programación incidiremos, fundamentalmente, na contribución ao desenvolvemento das competencias clave de “aprender a aprender”, “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” e “competencias sociais e cívicas”:

- a) **Aprender a aprender:** é fundamental para a aprendizaxe permanente, que se produce ao longo de toda a vida, tendo lugar en diferentes contextos formais e non formais, así como informais. Caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. É dicir, motivarse por aprender, xerando curiosidade e entendendo a necesidade por aprender, sentíndose o alumnado protagonista no proceso de aprendizaxe e no seu resultado. Tamén inclúe a capacidade de organización e de xestión da aprendizaxe, polo que require coñecer os propios procesos de aprendizaxe (metacognición), para ser quen de autorregulalos ás demandas específicas de cada tarefa conducente ao aprendizaxe. Mediante o procedemento de infusión curricular e a través do asesoramento ao profesorado, trataremos de integrar no currículo das diferentes materias diferentes rutinas e destrezas de pensamento, organizadores gráficos e outras ferramentas propias das Técnicas de Traballo Intelectual, que facilitarán o desenvolvemento de esta competencia clave.
- b) **Competencias Sociais e Cívicas:** implican a habilidade e capacidade para empregar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida esta dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas tomar decisións e resolver conflitos, relacionarse con outras persoas e grupo conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Para acadar esta competencia, empregarase un programa de Habilidade Sociais.

- c) Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor: implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecemento, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo preciso.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.1. Planificación xeral

Tendo en conta as funcións da xefatura do departamento de orientación expresadas no **artigo 6 da Orde 24 de Xullo de 1998** e as funcións do profesorado de apoio expresadas no **artigo 7** da mesma Orde, así como o previsto na **Lei 4/11 de convivencia**; destacamos algunhas das actividades máis relevantes durante o curso que desenvolve a xefatura e os membros do departamento, mais hai que ter en conta que a maioría das actuacións desenvólvense de xeito continuo durante o curso. En concreto na función de asesoramento da orientadora, é prioritario atender as demandas dos membros da comunidade educativa que van xurdindo no día a día.

Setembro	<ul style="list-style-type: none"> - Procedemento de incorporación ás MAD e documentación. - Recollida información de novo alumnado que se incorpora ao centro. - Entrevistas coas familias de alumnado proposto para MAD extraordinarias. - Información ao novo profesorado sobre o alumnado que presenta NEAE. - Xornada de acollida e presentación do alumnado. - Reunións coas familias. - Organización do apoio. Criterios elaboración de horarios das especialistas. - Elaboración da programación. - Informes becas alumnado NEAE.
Outubro	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de avaliación inicial. - Proceso elaboración das ACS. - Avaliacións psicopedagóxicas e elaboración de informes.. - Reunión titorías, departamento e CCP.
Novembro	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento do alumnado NEAE.

	<ul style="list-style-type: none"> - Asesoramento sobre medidas de reforzo educativo. - Reunións de coordinación con axentes externos. - Reunións departamento e CCP.
Decembro	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de avaliación. - Reunión Comisión de Convivencia. - Organización de programas externos datas, grupos ... - Implicación nos problemas de convivencia. - Entrevistas familias seguimento alumnado.
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento alumnado NEAE, entrevistas co profesorado titor. - Desenvolvemento actividades e programas nas titorías. - Intervencións orientación académica segundo o POAP. - Reunións departamento e CCP.
Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento alumnado NEAE, baixo rendemento e convivencia. - Coordinación: reunións e entrevistas. - Reunións departamento e CCP.
Marzo	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento alumnado NEAE, entrevistas co profesorado titor. - Desenvolvemento actividades e programas nas titorías. - Reunións departamento e CCP.
Abril	<ul style="list-style-type: none"> - Xornadas culturais: charlas e actividades. - Visita aos centros da zona que imparten BAC/FP - Sesións de orientación académica nos diferentes grupos. - Reunións departamento e CCP.
Maio	<ul style="list-style-type: none"> - Previsións sobre MAD vindeiro curso. - Reunións departamento e CCP. - Avaliación titorías, propostas mellora.
Xuño	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de avaliación ordinaria. Consello orientador. - Valoración sobre MAD. - Xornada acollida alumnado novo. - Documentación final curso: inventario, memoria.

- | | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">- Estatística sobre orientación: DRDOrienta- Previsións próximo curso.- Orientación académica. |
|--|--|

6.2. Definición de accións prioritarias

As liñas de acción prioritarias enmárcanse dentro dos ámbitos que autores como Andrés Negro clasifican en: apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe e atención á diversidade, potenciación da acción tutorial e orientación académico e profesional.

- **Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe e atención á diversidade**

A atención á diversidade aparece definida no **Decreto 229/2011** como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa, pondo especial atención no alumnado con NEAE, definido na **LOMLOE** como aquel que requira unha atención educativa diferentes á ordinaria por presentar NEE, retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais e de historia escolar.

Esta atención á diversidade debe pórse en marcha nas aulas dende unha concepción construtivista da aprendizaxe onde o alumnado en un guía no seu proceso de ensino e aprendizaxe e o profesorado un mediador que fomenta as aprendizaxes metacognitivas do alumnado.

- **Concreción anual do PXAD**

Este departamento asume os **protocolos** da Consellería de Educación como de obrigado cumprimento, polo que se deseñan actividades para dalos a coñecer e se entregan resumos con pautas de aplicación.

O DO colabora co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas de mellora para facilitar os procesos de E/A, axudando a desenvolver **medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias**, recollidas no **Decreto 229/2011**; participando activamente na **avaliación inicial**, realizando **avaliacións psicopedagóxicas**, participando nas **reunións da CCP**,

participando na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e outras necesidades, facilitando estratexias, entre outras.

A LOMLOE define no seu artigo 71 ao alumnado ANEAE como aquel que presenta “... *necesidades educativas especiais, retraso madurativo, trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, atoparas en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar...*”. Así mesmo, o referente legislativo que debemos ter en especial consideración será o **Decreto 229/2011**, e a **Orde do 8 de setembro de 2021** que o desenvolve.

Tamén serán referencia os Protocolos da Consellería de Educación, que serán de obrigado cumprimento, polo que deseñaremos actividades cos diferentes departamentos didácticos para dalos a coñecer con pautas prácticas para aplicalos.

O DO colaborará co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas de mellora para facilitar os procesos de ensino-aprendizaxe.

Segundo os datos recollidos no DRDadi no curso 2021-2022, os alumnos identificados e/ou valorados por este departamento son, a día de hoxe:

Valoración (Art. 71 e 73 LOE-LOMLOE)		Nº Total
Necesidades Educativas Especiais	Discapacidade	10
	Trastornos graves de conduta	2
Dificultades Específicas de Aprendizaxe		25
Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade		17
Altas Capacidades Intelectuais		1
Situación de vulnerabilidade Socioeducativa		3
Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe		
Retraso Madurativo		1

A.Procedemento de identificación e valoración das necesidades

A atención á diversidade é, segundo o **Decreto 229/2011**, “*o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o*

alumnado.” Neste sentido, o DO tórnase un órgano esencial na detección desas necesidades e diferencias persoais que deberán ser tidas en conta.

Este curso continuaremos, en colaboración co DO do CEIP Fermín Bouza Brey e o DO do CEIP Antonio Blanco Rodríguez de Covelo, co programa de Tránsición de Primaria a Secundaria. No curso 19/20 debido á situación de pandemia provocada polo COVID-19, este programa quedou paralizado e a nosa intención este curso é retomalo. Dentro deste programa inclúense xuntanzas da orientadora, titores e xefas de departamento de orientación dos centros adscritos coa finalidade de recoller información dos alumnos que comezarán 1º de ESO no centro. A esta reunións asistirán tamén a Xefa de Estudos e o PTs do noso IES. Os obxectivos principais serán:

- Coñecer o número e características dos alumnos e alumnas que comezan o curso seguinte a ESO.
- Prever cales precisarán algunha medida de atención á diversidade extraordinaria.

Tras estas reunións, e analizados os informes do profesorado de 6º de EP, farase unha primeira planificación do grupo de Agrupamentos de Matemáticas e Linguas e tamén do grupo de alumnos e alumnas que terán exención da 2ª lingua estranxeira para recibir Reforzo Educativo (en lingua castelá e lingua galega).

Tamén no 3º trimestre do curso, a orientadora entrevistará, recollerá informes e avaliará, si fose preciso, aos alumnos e alumnas que procedentes de centros non adscritos, soliciten praza no noso IES na quenda de alumnado con NEAE.

Ao longo do curso académico, nas avaliacións ou nas xuntanzas dos titores e titoras coa Xefa de Estudos e o departamento de orientación, o profesorado poderá propoñer a valoración ou intervención co alumnado que, no seu criterio, o precise.

1. Obxectivos das medidas de atención á diversidade

- Favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades de cada alumno e alumna respectando a súa individualidade.
- Facilitar o acceso do profesorado a coordinar actuacións e coñecer recursos que axuden a cada alumno e alumna no seu proceso de ensino/aprendizaxe.
- Axudar a mellorar a atención do profesorado respecto da problemática que expón a diversidade existente hoxe en día nos grupos-clase.
- Traballar pola mellora dos resultados académicos a todos os niveis.
- Axudar a integrar ao alumnado con dificultades facéndolle sentirse máis competente e mellor atendido no medio escolar.

- Artellar un procedemento axeitado a cada un dos alumnos e alumnas con algunha ANEAE para dar resposta á continuidade da aprendizaxe na situación de educación a distancia, adaptada á individualidade de cada un.

2. Medidas de atención á diversidade no centro

Das medidas ordinarias establecidas no **Decreto 229/2011** polo que se regula á Atención á Diversidade, o centro conta coas seguintes (sen prexuízo de incluír o resto das medidas ordinarias establecidas no decreto en función das dinámicas e necesidades de centro que xurdan):

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- o Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- o Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- o Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- o Desdobramentos de grupos.
- o Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- o Programas de habilidades sociais.

Das medidas extraordinarias establecidas no **Decreto 229/2011** polo que se regula á Atención á Diversidade, o centro conta coas seguintes (sen prexuízo de incluír o resto das medidas extraordinarias establecidas no decreto en función das dinámicas e necesidades de centro que xurdan, previa autorización da Inspección Educativa):

- Agrupamentos Flexibles
- Exención da 2ª lingua estranxeira nos cursos 1º e 2º da ESO para reforzo en linguas.
- Adaptacións Curriculares Significativas, no seu caso
- Programa de Diversificación curricular en 3º da ESO
- Apoio individualizado fóra e dentro da aula polo profesor de Pedagogía Terapéutica (PT) ao alumnado con NEAE.

A. 1. Planificación xeral

As actividades xerais deste departamento en relación ao Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe son:

- Participar xunto ao profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e outras necesidades, realizando as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.
- Facilitarlle ao profesorado estratexias para atender á diversidade, incluíndo o ensino non presencial.
- Colaborar na organización de actividades de apoio e reforzo e realizar o seguimento das ACS.
- Coordina-la avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas que presenten importantes problemas de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
- Colaborar cos equipos docentes e Departamentos na planificación e seguimento das medidas de reforzo e adaptacións curriculares para os alumnos/as que as precisen.
- Manter entrevistas e encontros co profesorado, alumnado e familias co fin de recoller e achegar a información e a cooperación precisas para dar resposta ás necesidades do alumnado. Esta actividade adaptarase a situación sanitaria.
- Proporcionar asesoramento e apoio aos alumnos e alumnas, así como ás familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social,...que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.

B.1.1. Actividades por niveis

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
6º EP	- Reunión Inicial de Coordinación	- Plan de Transición	- Plan de Transición
1º ESO	- Análise informes de primaria e do curso anterior. - Becas NEAE. - Organización dos grupos de 1º - Proposta de alumnado de Exención da 2º LE e Agrupamentos	- Organización das MAD da 2º avaliación e seguimento. - 2º avaliación e propostas.	- Organización das MAD da 3º avaliación e seguimento - 3º avaliación e propostas. Exención 2º LE - Informe avaliación final individualizado (para alumnado con MAD). - Consello Orientador.

	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais - Organización das MAD - 1º avaliación e propostas 		
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Informes previos - Becas NEAE - Organización dos grupos de 2º (Xunto co PT) - Proposta de alumnado de Exención do 2º ID e Agrupamentos - Autorización dos pais - Proposta de Alumnado a PDC. - Comunicación aos pais - Propostas da avaliación inicial e informe de avaliación inicial. - Comunicación aos pais. - Organización das MAD e seguimento. - 1ª Avaliación e propostas 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización das MAD da 2º avaliación e seguimento - 2º avaliación e propostas 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización das MAD da 3º avaliación e seguimento - 3º avaliación e propostas - Propostas FPB e PDC. - Informe de avaliación final individualizado (para alumnado obxecto de MAD) - Consello orientador
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Informes previos 	<ul style="list-style-type: none"> - 2º avaliación e 	<ul style="list-style-type: none"> - 3º avaliación e propostas

	<ul style="list-style-type: none"> - Becas NEAE - Proposta de alumnado para recibir apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria - Autorización dos pais. - Proposta de Alumnado a PMAR. - Comunicación aos pais - Propostas da avaliación inicial e informe de avaliación inicial. - Comunicación aos pais. - Organización das MAD e seguimento. - 1ª Avaliación e propostas 	propostas	<ul style="list-style-type: none"> - Propostas FPB/Itinerarios - Informe de avaliación final individualizado - Consello orientador
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Informes previos. - Becas NEAE - Comunicación aos pais. - Propostas da avaliación inicial e informe de avaliación inicial. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización das MAD da 2ª avaliación e seguimento. - 2º avaliación e propostas - Seguimento específico ao 	<ul style="list-style-type: none"> - Organización das MAD da 3ª avaliación e seguimento. - 3ª avaliación e propostas - Orientación vocacional

	<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación aos pais. - Seguimento específico ao alumnado procedente do PMAR - Seguimento específico dos ANEAE identificados por este departamento - Organización das MAD e seguimento. - 1º avaliación e propostas 	<p>alumnado de PDC.</p>	
BAC	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliación inicial - 1º avaliación e propostas 	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento das propostas da 1º avaliación - 2º avaliación e propostas 	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimento das propostas da 2º avaliación - Informes adaptación ABAU. - 3º avaliación - Orientación Universidade.
ESA	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións cos titores para dar resposta ás dificultades que xurdan, así como aportar ferramentas para unha mellor atención á diversidade deste alumnado. 		

- **Potenciación da acción tutorial**

A actividade educativa, entendida como guía do proceso de aprendizaxe do alumnado e como apoio ao seu desenvolvemento e maduración persoal, vai máis alá da instrución ou adquisición de coñecementos propios de cada materia, o que xustifica o sentido da tutoría como parte inherente á función docente. Dende esta perspectiva todo profesor/a asume unha función orientadora que se concreta a través da acción tutorial, primeiro nivel da orientación no sistema educativo, un aspecto que xa está recollido na propia **LOMLOE**, actual lei de educación.

Dende o DO debemos avaliar as necesidades de orientación e tutoría do centro e asesorar, ofrecer apoio técnico e material ao profesorado, ofrecendo ferramentas que lles axuden a desenvolver a acción tutorial co alumnado e familias.

Do mesmo xeito, deberase facer especial fincapé na promoción da educación en igualdade e na convivencia democrática a través de documentos tan importantes como o **Plan de Convivencia e o Plan de Igualdade**.

A tutoría é un recurso de calidade polo que entre as nosas funcións como orientadoras dentro deste ámbito podemos destacar as **reunións coas tutorías da ESO**, as **entrevistas realizadas para o seguimento do alumnado de todas as etapas educativas**, a **análise e recollida de información relevante con profesionais externos**, a **organización de actividades complementarias**, así como **reunións coas familias**.

- **Concreción anual do PAT (ANEXO I)**

Para acadar unha boa realización das actividades e tarefas deseñadas realizárese unha reunión de coordinación coa seguinte finalidade:

- Facer o seguimento da acción tutorial.
- Promover o intercambio de experiencias e a elaboración de propostas por parte dos titores/as.
- Abordar temas puntuais: derivación de alumnado con dificultades de aprendizaxe, rendemento, adaptación, avaliación da competencia curricular, etc.

O DO porá a disposición dos titores/as material e información para a tutoría na aula virtual evitando, na medida do posible, o intercambio de documentación impresa.

O PAT é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que é unha etapa na que se da unha maior diversidade do alumnado, o cal presenta unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar. O desenvolvemento da acción tutorial debe abordar os seguintes aspectos:

- O coñecemento e seguimento persoal do alumno e da alumna a través de actividades de coñecemento das súas aptitudes, capacidades, intereses, motivacións, grao de responsabilidade,... Este coñecemento constituirá o punto de partida para, en colaboración co resto dos profesores e profesoras e do DO, deseñar estratexias que permitan incidir na mellora do desenvolvemento persoal e no rendemento académico.

- A relación co grupo/clase: actividades que permitan lograr un clima adecuado de aula, a cohesión do grupo e posibilidades de participación nas decisións de aula.
- A relación coas familias: a través de reunións periódicas presenciais ao longo de todo o curso. O/A titor ou titora deberá coñecer as expectativas das familias con respecto dos fillos e fillas e establecer actuacións coordinadas entre a familia e o centro.
- A relación co equipo docente: débese procurar que exista unha proposta pedagóxica común por parte do equipo do grupo de alumnos e alumnas. Así mesmo o titor ou titora deberá coordinar as respostas educativas que cada docente aporte dende as súas distintas programacións.

No caso de atoparmos con situacións de non presencialidade, o desenvolvemento do PAT levaríase a cabo mediante os seguintes medios:

- Aula virtual
- Correo electrónico
- Páxina web do centro
- Drive compartido de tutoría
- Contacto telefónico

No referido ás actividades destinadas á familia no marco do PAT, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Reunións xerais: Acollida, inicio de curso, presentación de titoras e titores e presentación de proxectos.
- Reunións complementarias á acción tutorial
- Reunións de orientación por cursos
- Seguimento e entrevistas individuais cos titores e as titoras, coa orientadora

Para levar a cabo a coordinación de todas estas actividades, o Departamento de Orientación reunirse de forma quincenal cos titores de cada nivel educativo e a Xefa de Estudos, en horario pendente de ser concretado. Estas reunións terán os seguintes obxectivos:

- Facer seguimento da acción tutorial
- Promover o intercambio de experiencias e a elaboración de propostas por parte dos titores e das titoras.
- Abordar temas puntuais: derivación de alumando con dificultades de aprendizaxe, rendemento, adaptación avaliación da competencia curricular, formulación do consello orientador...

O DO porá á disposición do profesorado titor unha carpeta na aula virtual con material e información dividida por áreas temáticas para a súa labor tutorial.

No tocante ao Programa d Habilidades Sociais, tendo en conta o **Decreto 8/2015** polo que se desenvolve a **Lei 4/2011** de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 24 de medidas complementarias para a mellora da convivencia, sinálase que “O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Este programa básico de Habilidades Sociais, ademais de ser destinado para aqueles alumnos derivados á aula de convivencia, tratarase de forma transversal na hora de titoría de cada grupo.

- **Apoio á orientación académico e profesional**

A orientación académico e profesional non se refire a un feito puntual senón a un proceso evolutivo que se leva a cabo ao longo de toda a vida e que conta con momentos críticos nos que se debe ser mais intensa. O proceso de toma de decisións debe integrarse dentro do currículo ordinario e a súa xustificación legislativa basease en relación ao concepto de **competencias clave** definidas na **ECD/65/2015** (**recentemente derogada quedando á espera da publicación de normativa ao respecto**).

Na mesma liña, a **LOMLOE** contempla que todo o alumnado ten dereito ao seu desenvolvemento integral en igualdade de oportunidades e asume a orientación académica e profesional como unha actividade educativa que debe asumir todo o profesorado.

○ **Concreción Anual do POAP (ANEXO II)**

Os obxectivos concretos que fundamentan o noso traballo neste ámbito son:

- Facilitar a toma de decisións do alumnado respecto o seu futuro académico e profesional.
- Ofrecer unha orientación académica e profesional individualizada e diversificada favorecendo a súa maduración vocacional.
- Ofrecer información, axuda e consello á hora de tomar decisións académicas e profesionais, especialmente nos momentos de mais risco e dificultade.
- Organizar actividades complementarias relacionadas coa orientación académico e profesional.

Moitas das actividades planificadas neste ámbito, foron xa incluídas dentro da concreción do PAT.

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
6º PRIMARIA	- Reunión Inicial de Coordinación	- Plan de transición	
1º ESO		- “Que son os PDC?”	
2º ESO		- Elección de optativas e 3º ESO	
3º ESO		- “Que son os PDC?” - “Que é a FPB?”	
4º ESO	- Reorientación do alumnado que o precise en función da avaliación inicial feita	- Información sobre as probas de acceso aos CFGM e/ou ESA - Adestramento no proceso de toma de decisións	
BAC	- Reorientación do alumnado que o precise	- Información sobre as probas de acceso aos CFGS - Entrevistas	- Obradoiro. A ABAU. - Orientación Académica e Profesional - Entrevistas individualizadas nos recreos.

		individualizadas - Visita a Campus de Vigo - Visita a Campus de Santiago	
--	--	--	--

7. PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Principios de intervención

En coherencia coa lexislación vixente e as teorías máis relevantes no ámbito da orientación entendemos a mesma como un proceso que se desenvolve durante toda a escolaridade a partires da colaboración e implicación de toda a comunidade educativa. A orientación ten como destinatarios tódolos alumnos e alumnas e ao longo de toda a súa permanencia no sistema educativo. É un proceso continuo e sistemático, que atenderá ás diferentes dimensións da persoa facilitando o seu desenvolvemento integral e ofrecendo unha atención individualizada que teña en conta as súas características e necesidades. Seguimos en todo momento os principios xerais de actuación marcados no **artigo 4 do Decreto 229/11** que regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma:

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e de atención temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Así o presente plan e a acción orientadora se sustenta nos seguintes principios:

- **Prevención:** tendo en conta a finalidade de evitar a aparición de dificultades ou compensar as mesmas dende o primeiro momento de detección, dando a resposta máis axeitada e temperá ás necesidades detectadas.
- **Desenvolvemento de competencias clave:** a orientación entendida como un proceso dirixido ao desenvolvemento integral da persoa, que dote a todo o alumnado das competencias emocionais, afectivas, sociais e persoais necesarias para a vida. A orientación ten un enfoque global da súa actuación que inclúe o cognitivo, o afectivo, o emocional e o moral no desenvolvemento do alumnado.
- **Globalidade e continuidade:** o obxectivo da acción orientadora é todo o alumnado e durante todo o proceso educativo. É un proceso continuo que se desenvolve durante toda a escolarización mais se intensifica nos momentos de toma de decisións e de transición.
- **Planificación e curricularidade:** a actividade planificarase a partires da avaliación inicial co obxectivo de detectar as necesidades e ter en conta as características do contexto. Realizarase un seguimento e unha avaliación continua. Por outra banda, o principio de curricularidade posto que *a orientación como parte da función docente*. Polo cal é necesaria a participación e implicación de todo o profesorado.
- **Personalización:** a orientación ten sempre en conta as necesidades e características de cada alumno/a adecuando sempre a resposta educativa as necesidades de cada un.
- **Especialización:** a complexidade da acción orientadora no sistema educativo fai necesaria a presenza de profesionais especializados que apoiem a labor orientadora do profesorado,

equipos docentes e demais membros da comunidade educativa tanto dentro dos centros (departamento de orientación) como dende fóra (equipo de orientación específico- EOE).

Estratexias de intervención

O DO forma parte dun **modelo educacional-constructivista**, seguindo a autoras como **Martí e Solé (2011)**. Un modelo que pon énfase nos aspectos contextuais e interactivos do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Este modelo nos fala de axudar a aprender, dun cambio de roles, de centrar o traballo da aula na actividade mental do alumnado, no pensamento eficaz, profundo, desenvolvemento o pensamento crítico e creativo de todo o alumnado. En definitiva, o constructivismo supón un cambio nas culturas de aprendizaxe, do pensamento e da avaliación.

Desta forma, como Xefa do DO as miñas funcións baséanse nun modelo de **consulta colaborativa** entre profesionais (profesorado, familias e servizos externos), establecendo así un modelo de colaboración e complementariedade de coñecemento experto co resto dos axentes educativos para dar resposta ás necesidades educativas. Neste modelo de asesoramento, o orientador forma parte do equipo de traballo docente como un membro mais e a escola considérase como un sistema aberto ás influencias externas.

Por outra banda, para que a nosa tarefa orientadora alcance á maioría do alumnado necesitaremos dun **enfoque por programas**, deseñados dende o DO pero levados a cabo por todo o profesorado, especialmente pola persoas titoras. Estes programas son preventivos, tendo en conta todas as súas fases: primaria, secundaria e terciaria. Neste sentido, **Bisquerra (2006)** define o Modelo por Programas como unha intervención directa e grupal, dirixida a todo o alumnado cunha clara formulación preventiva, pois intenta anticiparse á aparición dos problemas.

Este modelo supón considerar a orientación como parte do proceso educativo onde os diferentes profesionais, tanto dentro como fora do centro, se coordinan para levar a cabo o programa.

O noso modelo de orientación desenvólvese dende un enfoque interdisciplinar e participativo e, neste senso, paréceme importante mencionar que empregaremos estratexias que partan do nivel de desenvolvemento do alumnado, que propicien aprendizaxes significativas, favorezan a interactividade e o traballo en grupo, a motivación e a participación. E, para facer isto real, será necesario o emprego **de metodoloxías activas e participativas**, como a aprendizaxe cooperativa, a aprendizaxe baseada no pensamento e o traballo por proxectos, seguindo os principios metodolóxicos dos decretos de currículo, así como as orientacións recollidas na **ECD/65/2015**.

Por último, compre destacar que nalgunhas ocasións será necesario un **enfoque de asesoramento individualizado ou personalizado** para a atención de posibles situacións de urxencia que esixen este abordaxe.

8. AVALIACIÓN

A **avaliación** é un proceso caracterizado por recoller información, analízala para emitir un xuízo sobre ela e, finalmente, tomar decisións. Neste caso, temos que avaliar o deseño do propio plan e os programas de intervención, así como a práctica orientadora e docente. **Pérez Justé (1995)** define a **avaliación de programas** como un proceso sistemático, deseñado intencional e técnicamente, de recollida de información rigurosa orientado a valorar a calidade dun programa como base para a posterior toma de decisións de mellora, tanto do programa como do persoal implicado. Polo tanto, a avaliación de programas non é un ente illado senón que está ligada á actividade educativa, xa que nos ofrece información sobre os procesos sociais e educativos, así como sobre o valor das propostas innovadoras no campo.

A avaliación, por tanto, debe ter como finalidade ser referente para a modificación, adaptación e mellora da dinámica do centro escolar, así como analizar e establecer liñas de actuación, adoptar criterios xerais comúns, intercambiar información, experiencias, materiais e recurso, etc.

Durante o curso realizarase unha valoración de diferentes aspectos da programación como son as actividades, a organización e os recursos fundamentalmente. Realizarase unha vez que estas actividades foron desenvolvidas recollendo a valoración dos implicados a partires de **cuestionarios** ou **entrevistas**. A intervención dos membros do departamento avaliarase tendo en conta os **indicadores de logro**.

A final de curso no seo do departamento de orientación, avaliarase os diferentes puntos da programación e o desenvolvemento da mesma, realizando os membros do departamento unha síntese reflexiva sobre os indicadores expresados no recadro e tendo en conta ademais as opinións e valoracións dos implicados nas actividades e programas: titorías, alumnado, equipo directivo, familias . Valoraranse as dificultades atopadas no desenvolvemento da programación, os factores que puideron influír positiva ou negativamente en cada aspecto, as modificacións introducidas na programación e a súa causa. Finalmente recolleranse as propostas de mellora para o seguinte curso. Estas cuestións incluíranse na Memoria elaborada pola xefa do departamento.

Momentos da avaliación

- **Avaliación inicial:** recollida de datos e suxerencias sobre este Plan nas reunións do DO, na CCP e das apartacións dos Departamentos didácticos, cando os houbese.
- **Avaliación do proceso:** recollida de información a través das reunións periódicas do DO e da CCP e das sesións de avaliación sobre as actividades realizadas. É importante analizar o estado de desenvolvemento deste Plan, así como posibles dificultades e propor cambios e propostas de mellora.
- **Avaliación final:** realización dunha memoria cos datos aportados polos titores, Departamentos, Equipo Directivo, etc.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A organización xeral das medidas de atención á diversidade están detalladas na concreción do PXAD para este curso, documento incluído na PXA. As medidas de reforzo educativo e plans de recuperación de materias pendentes das diferentes materias e ámbitos están desenvolvidas nas programacións didácticas.

10. METODOLOXÍA DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ADAPTADO AO CONTEXTO DA COVID19

- **Atención á diversidade**

En caso de necesidade educativa a distancia, o profesor especialista de PT da ESO que proporciona apoio directo manterá o apoio e seguimento co alumnado mantendo a coordinación con cada un dos titores/as do alumnado con NEAE, para axustar o apoio específico durante o tempo que poida durar o ensino a distancia.

Para tal fin empregárase a aula virtual, o correo electrónico como medio de comunicación e coordinación cos titores e titoras, así como coas familias e alumnado. Para mellorar o contacto e resolver dúbidas ou detectar dificultades no proceso de E-A tamén se empregará o contacto telefónico.

En canto o material de traballo empregado empregárase material persoalizado e elaborado especificamente para o alumnado aproveitando o uso das tecnoloxías, e o uso de diferentes ferramentas interactivas.

- **Acción titorial**

- Contactos para o seguimento do alumnado cos titores/as e análise e recollida de información relevante.
 - Contactos telefónicos coas familias.
 - Ofreceráse dentro da acción tutorial un papel fundamental ós aspectos socioemocionais, co fin de ofrecer ó alumnado e familias recursos para poder afrontar os posibles confinamentos e situacións derivadas a nivel persoal, e emocional e que poden repercutir de forma negativa no avance escolar.
- **Orientación académico e profesional**
 - A orientación académica-profesional levarase a cabo fundamentalmente a través de documentos informativos: guías e dossiers que se publicarán na aula virtual .Tamén se publicará no blog do Departamento que está accesible e visible na páxina web do centro.
 - Facilitarase un e-mail de contacto para que as familias e alumnado poidan presentar as dúbidas individuais que teñan, e reforzarse a resolución das mesmas co contacto telefónico para aclarar todas as cuestións necesarias.

11. REFERENCIAS LEGISLATIVAS

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Resolución do 26 de maio de 2022 , pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento no curso académico do currículo establecido no Decreto 86/2015 da ESO e do Bacharelato.
- Decreto 120/1998 do 23 de abril que regula a orientación educativa e profesional (DOG do 27)
- Orde do 24 de xullo de 1998 que establece a súa organización e funcionamento e determina, no seu artigo 15º, a elaboración e estrutura do plan de orientación e da memoria de final de curso.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, establece instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade.

- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Terase en conta tamén o disposto nos seguintes protocolos de actuación:

- Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Protección de datos.
- Orientacións sobre Plan de Convivencia.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de Urgencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo do Tratamento do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/outras dificultades específicas de aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con síndrome de Down e /ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

En Ponteareas, a 19 de setembro de 2022.

A Xefa do Departamento de Orientación.

Asdo. Maite Díaz Alonso

ANEXOS

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN

Concepto de tutoría

Entendemos a tutoría como a relación que se establece entre o profesorado co alumnado encamiñada ao coñecemento do contexto socio-familiar, das actitudes, aptitudes, intereses e motivacións, co obxectivo de orientar e guiar o seu proceso de aprendizaxe, a súa integración no grupo e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e a educación en valores.

Esta é unha tarefa de todo o profesorado, que abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específicos, desenvolve o profesorado titor co seu grupo e a comunicación coas familias, como a labor orientadora do resto do profesorado, que é aquela que cada profesor/a dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de E/A de cada unha dos seus alumnos/as.

Aínda que a orientación e a tutoría sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do profesorado titor, como órgano de coordinación docente, é necesaria e imprescindible para a coordinación do equipo de profesores/as do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas. O DO apoia ao profesorado e as tutorías ofrecéndolles apoio técnico e o asesoramento durante o proceso para desenvolver esta función.

Responsabilidade de todo o profesorado na acción titorial

Todo o profesorado debe contribuír á acción titorial:

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia ou nas diferentes áreas.
- Incidindo de forma positiva no autoconceito académico e na percepción da propia capacidade para superar as materias.
- Orientando ao alumnado na análise do propio proceso de aprendizaxe, axudándoo na autoavaliación dos factores que influíron positiva ou negativamente no proceso.
- Atendendo as necesidades educativas específicas de cada alumno/a na materia.
- Aplicando as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en cada caso.
- Participando na orientación profesional do alumnado no referente ao ámbito profesional da súa especialidade (secundaria) ou introducindo contidos relativos as profesións e o traballo (infantil e primaria)

2. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL

Obxectivos referentes ás etapas de educación secundaria

- Favorecer o traballo coordinado do equipo de profesores/as para facer mais eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo de alumnos/as.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a, a súa situación familiar e escolar a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento (entrevistas, cuestionarios, etc.)
- Promover a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as. Conseguir o apoio á labor do centro e o seguimento do estudo na casa, establecendo canles fluídas de comunicación.
- Promover a autoavaliación do alumnado e a súa reflexión sobre os resultados académicos obtidos de cara a promover a responsabilidade de actitudes de mellora.
- Apoiar unha boa organización e planificación do hábito de estudo e axudar no emprego das técnicas básicas de traballo intelectual.
- Fomentar a integración e participación do alumnado no funcionamento do centro e da aula.
- Realizar o seguimento académico e persoal do alumnado, co asesoramento do DO nos casos de NEAE, dificultades na convivencia ou baixo rendemento académico.
- Participar nas actividades do plan de acción tutorial programadas co obxectivo de favorecer o desenvolvemento emocional e social de todo o alumnado e a educación en valores.

- Intervir activamente nos problemas de convivencia do alumnado do seu grupo xunto ao DO e a xefatura de estudos.
- Colaborar no desenvolvemento do POAP co obxectivo de axudar no proceso de toma de decisións responsable do alumnado do seu grupo, sempre contando coa colaboración do DO.
- Promover actitudes e valores positivos e un comportamento reflexivo e responsable.
- Proporcionarlles ao principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais, información sobre o calendario escolar, horarios, horas de titorías, criterios de avaliación e promoción e posibles actividades extraescolares e complementarias. Cubrir a documentación e levar o seguimento das faltas de asistencia a clase.

3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN E CONTIDOS MAIS IMPORTANTES

Secundaria

CRONOGRAMA PAT:		
Benvidos! <i>Acollida</i>	Setembro	<ul style="list-style-type: none"> - Acollida e benvida ao centro. - Dinámicas de presentación - Presentación da persoa titora e do alumnado. - Explicación do NOF do centro e normas de convivencia
Escolas con corazón <i>Programa convivencia</i>	Outubro	<p>1º semana:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elección do delegado/a <p>2º semana:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo das normas de aula e centro. <p>3º e 4º semana:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dinámicas de grupo e cohesión, para favorecer a integración do alumnado no grupo e no centro.
Traballo 25N	Novembro	<ul style="list-style-type: none"> - Proxección vídeo “Amores que Matan” con preguntas guía. - Cibercontrol: estudo de casos e dramatizacións. - Círculo de diálogo.

		<ul style="list-style-type: none"> - Lectura libro “el futuro es feminino”: análise con rutinas de pensamento
Mentes curiosas <i>Programa de aprender a aprender</i>	Decembro e Xaneiro	1º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Cuestionario CHT: hábitos e técnicas de estudo. 2º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento e posta en práctica de diferentes métodos de estudo: resumos, esquemas, thinking maps. 3º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Decálogo para tomar apuntes. 4º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Bo uso de aplicacións para axudar á organización e ao estudo (Pomodoro, forest, etc.)
Xuventude diversa <i>Programa de educación e diversidade sexual</i>	Febreiro	1º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Obradoiros impartidos por Centro Quérote+ 2º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Análise de mitos e estereotipos das relacións afectivo-sexuais. 3º e 4º semana: <ul style="list-style-type: none"> - Estereotipos na publicidade, cancións, etc.
	Marzo	<ul style="list-style-type: none"> - 8M - Traballo libro “22 segundos” mediante estruturas de aprendizaxe cooperativo. - 31M: celebración do día da visibilidade transxénero
<i>Programa HHSS</i>	Abril, Maio e Xuño	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de Habilidades Sociais - Asertividade, empatía, saber escoitar, resolución pacífica de conflitos, negociación.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PAT

O PAT por definición debe ser un documento aberto e flexible, que recollera cada curso as modificacións de mellora que sexan precisas, as cales se plasmarán na memoria do DO.

Como instrumentos de avaliación usaranse cuestionarios para o alumnado, así como a opinión dos titores/as acerca da adecuación e a realización das actividades desenvoltas.

A avaliación do PAT realizarase tendo en conta os seguintes indicadores:

- Grao de satisfacción dos participantes coas actividades e programas.
- Funcionalidade e interese dos recursos e temas tratados.
- A organización adecuada de obradoiros e talleres externos.
- Valoración positiva dos obradoiros e charlas impartidos por educadores externos.
- Existiu unha boa coordinación entre o profesorado.
- A organización e temporalización foi correcta.
- Pertinencia e suficiencia dos temas tratados.
- Implicación dos membros da comunidade educativa.

CONCRECIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN

Durante a educación secundaria o alumnado debe tomar, por primeira vez, decisións de carácter vocacional que poden ter importantes consecuencias futuras e, por tanto, precisan dun asesoramento adecuado. Con respecto a este tema, corresponde aos Departamentos de Orientación, segundo o **Decreto 120/1998:**

- Elaborar as propostas do POAP de acordo coas directrices da CCP, e coordinar e ofrecer soporte técnico ao profesorado no desenvolvemento de dito plan.
- Facilitar ao alumnado e ás familias o apoio e asesoramento necesarios nos momentos decisivos ou de maior dificultade, como poden ser a elección de optativas ou de itinerarios formativos.
- Favorecer o proceso de madurez vocacional, orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como sobre as ofertas do seu entorno que lles faciliten elixir responsablemente.

Por outra banda, este plan está baseado nos seguintes principios xerais:

- Enténdese o asesoramento como unha axuda ao proceso de construción de coñecementos e toma de decisións en relación coas opcións académicas e profesionais do alumno.
- É un proceso que se desenvolve ao longo de toda a escolaridade, non limitándose a momentos críticos, e adoptando para ilo dúas formas: unha orientación xeneralizada ao grupo, e un asesoramento individualizado naqueles casos nos que sexa preciso.
- Debe potenciar a autonomía, responsabilidade e a actividade reflexiva do propio alumno/a, tendo en conta as características propias do asesorado e o seu momento evolutivo. É un proceso de ensino e aprendizaxe, no que o asesorado é un protagonista activo.

- Versará sobre todas as opcións obxectivas posibles e non substituirá ao alumnado na súa toma de decisións.
- Realizarase en tres niveis: tutoría, DO e profesorado, xa que cada profesor/a pode tamén asesorar sobre estudos e profesións relacionadas coa súa especialidade.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que nos propoñemos coa posta en marcha deste programa son:

- Apoiar e orientar ao alumnado no proceso de toma de decisións do seu futuro académico e profesional.
- Promover o coñecemento das posibilidades académico-profesionais e laborais do sistema educativo e do seu entorno.
- Lograr que o alumnado acade un mellor coñecemento de si mesmo, mediante a reflexión sobre aqueles aspectos básicos para a toma de decisións vocacionais: habilidades, aptitudes, valores, intereses, etc.
- Coñecer as diferentes opcións que se lle ofrecen e recoñecer as máis adecuadas, tendo en conta as propias características e posibilidades.
- Que o alumnado desenvolva capacidades e habilidades relevantes na elección vocacional: valores relevantes para cada persoa no ámbito profesional, intereses profesionais, aptitudes e coñecemento dos procesos de toma de decisións, etc.
- Proporcionar asesoramento e información ás familias sempre que sexa necesario.

3. ACTIVIDADES DESTACADAS EN CADA NIVEL

	2º e 3º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
	<ul style="list-style-type: none"> - Información sobre opcións e itinerarios. - Información sobre BACH e FP: 2º trimestre
	4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de tarefas sobre o coñecemento de si mesmo. - Información sobre BACH e FP: 2º trimestre. - Asesoramento inividualizado a alumnado e familias.

	1º e 2º BACHARELATO
	<ul style="list-style-type: none"> - Información sobre probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grado Superior - Información sobre materias a escoller e a súa ponderación
	ESA
	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de tarefas sobre o coñecemento de si mesmo. - Información sobre modalidades de Bacharelato e familias profesionais na FP. - Posibilidade de cambio de réxime

A temporalización e actividades estarán suxeita a variacións en función das necesidades do curso, xa que se poderán incorporar actividades organizadas en colaboración con outros centros.

Durante toda a etapa de secundaria, o DO, ademais de aportar a súa colaboración aos titores na realización de tarefas de orientación académico e profesional, intervirá nas sesións de tutoría previstas, participará no asesoramento para a realización do Consello Orientador e proporcionará asesoramento individualizado a aqueles alumnos/as que o soliciten, ou presenten unha situación que reclame dita atención. Así mesmo, dende o departamento, prestarase asesoramento individualizado ás familias, segundo sexa necesario e prestarase especial atención ás familias e alumnos/as que sexa proposto para incorporarse a medidas específicas de atención á diversidade como PDC ou FPB, así como a alumnado que abandone o sistema educativo sen unha titulación.

4. AVALIACIÓN DO PLAN

O DO realizará unha avaliación do desenvolvemento do plan.

- Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos previstos, os materiais e a temporalización.
- Realizarase unha valoración das actividades por parte dos implicados.
- Como técnicas de avaliación empregaranse cuestionarios, así como a recollida das valoracións dos participantes sobre as actividades desenvoltas.
- Fomentarse a autoavaliación entre o alumando.

A avaliación terá como finalidade ser referente de reflexión para a modificación, adaptación e mellora da dinámica do centro escolar, así como analizar e establecer liñas de actuación; adoptar criterios xerais comúns; intercambiar información, experiencias, materiais e recursos; deseñar,

analizar e desenvolver actuacións; ou outras accións que sexan necesarias para a calidade da súa intervención e da educación en xeral, que permitan o desenvolvemento integral do alumnado.

a. Obxectivos da avaliación

Este Plan someterase a un continuo proceso de avaliación. As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

- Valorar en que medida imos acadando os obxectivos propostos (proceso)
- Obter máis e mellor información sobre as características da nosa contorna
- Mellorar os deseños da intervención orientadora, aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.

b. Momentos da avaliación

- a) Avaliación inicial: Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do DO, na CCP e das aportacións dos Departamentos Didácticos, cando houbese.
- b) Avaliación do proceso: Recollida de información a través das reunións periódicas do DO e da CCP e das sesións de avaliación sobre as actividades realizadas. Dando a coñecer o estado de desenvolvemento do Plan de Orientación e analizando as dificultades que se presentan. Propoñendo os cambios necesarios.
- c) Avaliación final: Realización dunha memoria cos datos aportados polos titores, os Departamentos, Equipo Directivo así coma aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. (Dando resposta ó establecido no apartado 4.2. da **Circular 10/2010** pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional). Esta memoria incluirá:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados.
- As dificultades atopadas e os factores que influíron nelas
- Os aspectos que será necesario modificar e mellorar.
- As propostas de mellora necesarias.

c. Criterios de avaliación

- Eficacia, relación entre o deseñado e o realizado.
- Eficiencia, relación entre o alcanzado e os medios aplicados.
- Comprensión, relación entre resultados e poboación afectada.
- Satisfacción, entre o desexable e o existente.
- Suficiencia, entre os obxectivos e as necesidades.
- Pertinencia, adecuación ás necesidades establecidas.
- Coherencia, grao de consistencia das propostas.
- Obxectividade, adecuación a principios científicos.
- Aplicabilidade ou funcionalidade, capacidade de solución.
- Utilidade, grao de aplicación.
- Relevancia, grao de importancia para cubrir necesidades.
- Progreso, relación entre prestacións efectivas e previstas.
- Actualización, grao de adecuación a situacións reais

d. Instrumentos de avaliación

Utilizaremos unha metodoloxía mixta, empregando tanto técnicas de corte cualitativo como cuantitativo:

- Entrevistas
- Cuestionarios elaborados *ad hoc*
- Observación
- Rexistro de opinións
- Valoración de documentos: boletíns, programas, etc.

Os instrumentos de avaliación por ámbitos serán:

- a) Para o ámbito da Acción Titorial
 - Avaliación trimestral das actividades propostas
 - Avaliación da acción titorial por parte do alumnado: Valoración da acción titorial por parte do alumnado da ESO (porcentaxe de alumnado que valora moi ben, ben, regular, mal ou moi

mal as actividades programadas). Con valoración/modificacións para o curso seguinte, se procede.

- Valoración das tarefas do titor por parte do alumnado: seguimento persoal, académico, de coordinación coas familias e de resolución de conflitos na aula. Con valoración/modificacións para o curso seguinte, se procede.
- b) Para o ámbito de apoio ó Proceso de Ensino-Aprendizaxe
- Porcentaxes de aprobados nas materias de agrupamentos, nas que se recibe apoio ou reforzo educativo e no PDC
 - Valoración da melloría na competencia lingüística do alumnado con exención da segunda lingua
 - Valoración da coordinación co profesorado respecto ás MAD
 - Valoración das actuacións dirixidas ao profesorado, respecto ás MAD
 - Valoración das actuacións dirixidas aos pais/nais respecto ás MAD
- c) Para o ámbito de Orientación Académica e Profesional
- Valoración das actividades propostas
 - Cada unha das actividades e/ou programas realizados estará suxeito a un proceso de revisión e seguimento, podendo introducir as modificacións que se consideren oportunas.

PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS.

IES VAL DO TEA

1. Marco teórico

Segundo o establecido no Decreto 220/2011 e na Orde de 8 de outubro de 2018, faise necesario deseñar un programa básico de habilidades sociais, que formará parte do PAT de secundaria e máis do Plano de Convivencia.

Ademais, a Lei 4/2011, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia, a elaboración e desenvolvemento, por parte do departamento de orientación de cada centro docente, dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no centro docente. O artigo 24 do Decreto 8/2015

tamén establece este tipo de programas para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou para a súa atención dentro da aula de convivencia inclusiva.

As habilidades e competencias sociais son un conxunto de hábitos ou estilos (que inclúen comportamentos, pensamentos e emocións) entre os que están:

- **Asertividade:** é o xeito de actuar que lle permite a unha persoa expresar os seus pensamentos e sentimentos sen negar os dos demais.
- **Empatía:** habilidade que nos permite comprender e experimentar o punto de vista doutros sen ter que estar de acordo.
- **Saber escoitar:** escoitar con comprensión e coidado, saber o que a outra persoa trata de comunicarnos e transmitir que recibimos a súa mensaxe.
- **Definir un problema:** analizar a situación, tendo en conta os elementos obxectivos, así como os sentimentos e necesidades.
- **Avaliación de solucións:** analizar as consecuencias que cada solución terá a curto e longo prazo para as persoas implicadas.
- **Negociación:** comunicación dirixida a atopar unha alternativa de solución que resulte aceptable para ambas as partes.
- **Capacidade de desculpa:** capacidade de darse de conta dos propios erros cometidos.

No contexto educativo, este tipo de programas pretenden:

- Potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos, favorecendo tanto a súa identificación como a súa expresión.
- Desenvolver e construír habilidades de comunicación, é dicir, capacidade de emitir e recibir mensaxes a través da comunicación verbal e non verbal.
- Clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar con outros, aprender a resolver conflitos e aprender a organizarse.

Por esta razón, estes programas plantexan actuacións nos tres niveis fundamentais de actuación da titoría no centro educativo, como son:

- **Ensinar a ser persoa:** axudar o alumnado na construción da súa identidade persoal, fundamentalmente relacionado con facilitar a integración no grupo e o desenvolvemento persoal e afectivo de cada alumna ou alumno.
- **Ensinar a comportarse:** contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social, desenvolvendo actitudes positivas.
- **Ensinar a convivir:** desenvolver no alumnado as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

As competencias socioemocionais permiten:

- Mellorar o clima de convivencia da aula.
- Favorecer o rendemento académico.
- Mellorar as relacións interpersoais.

2. Destinatarios

O programa vai dirixido a todo o alumnado do centro, dende dúas vertentes:

- Plan de Acción Titorial, como programa de actividades deseñado para levar a cabo nas horas presenciais de tutoría na ESO e de xeito interdisciplinar no Bacharelato.
- O Plano de Convivencia, nos casos mencionados anteriormente, é dicir, no caso de alumnado obxecto de medidas correctoras.

3. Obxectivos

O programa básico de habilidades sociais terá como obxectivos **xerais**:

- Lograr que todo o alumnado utilice e incorpore estratexias para comunicarse e afrontar axeitadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Trátase de axudar a desenvolver sobre todo a competencia comunicativa, competencia social e cidadá e a autonomía e iniciativa persoal.
- Promover o desenvolvemento nas diferentes dimensións da persoa.
- Favorecer a capacidade de reflexión crítica sobre as súas condutas e unha actitude positiva ante os conflitos e problemas persoais e grupais; facéndose protagonista da súa aprendizaxe e responsable nas súas eleccións.
- Axudar o profesorado na mellora do clima de convivencia na aula e no centro.
- Cooperar coas familias (e con axentes e servizos externos intermediarios) na mellora da formación dos seus fillos e fillas como persoas e nas súas relacións sociais.

Os obxectivos **específicos** serán:

- Lograr un desenvolvemento cognitivo que lle permita a busca de solucións as situacións da vida cotiá.
- Desenvolver o autoconecemento: intereses, características persoais, motivacións, habilidades, aptitudes, actitudes,...
- Mellorar a autoestima. Unha autoestima positiva é unha peza clave para a resolución eficaz de problemas e conflitos interpersoais.
- Dialogar e traballar en situacións de interacción entre iguais, utilizando as normas sociais básicas: que o alumnado sexa capaz de presentarse a si mesmo ou a outras persoas; poder iniciar unha conversa con certa facilidade e identificar distintas formas de facer amigos.
- Ofrecer ao alumnado as formas adecuadas para resolver conflitos: diferenciar os distintos roles que se poden dar dentro dun grupo e analizar os conflitos que estes poden producir na dinámica grupal para poder resolvelos positivamente, recoñecendo a presión que pode exercer o grupo en distintas situacións e desenvolvendo estratexias para responder a esta presión.
- Que o alumnado teña a suficiente capacidade para tomar decisións importantes, baseadas na reflexión e na crítica e identificando os influxos que poden afectar as súas decisións.

4. Contidos

Para desenvolver os obxectivos propostos, será necesario contemplar no programa actuacións encamiñadas a:

4.1. Desenvolvemento cognitivo

- Habilidades básicas de interacción social:

- Asumir responsabilidades
- Traballo en equipo: cooperar e ser solidario
- Asumir e respectar as normas establecidas
- Fórmulas de cortesía e normas básicas

- Habilidade para establecer relacións de amizade

- Identificar sentimentos
- Comunicar sentimentos
- A conduta asertiva
- Cooperar e compartir

- Habilidades conversacionais

- Comunicar sentimentos, desexos e peticións
- Manexar as estratexias comunicativas
- Elementos verbais e non verbais da comunicación
- Respecto

- Habilidades relacionadas cos sentimentos, emocións e opinións

- Identificación de sentimentos dun mesmo e dos demais
- Identificación das emocións
- Expresión de sentimentos, emocións e opinións
- Defender as nosas opinións e dereitos

- Habilidades de solucións de problemas interpersoais

- Desenvolver habilidades de autocontrol
- Manexar pensamentos negativos que deterioran a autoestima e a competencia social
- Identificar un problema
- Buscar solucións pacífica de conflitos
- Anticipar consecuencias
- Tomar decisións

- Habilidades para relacionarse cos adultos

- Normas básicas de cortesía
- Importancia do establecemento de normas
- Como realizar peticións
- Os dereitos e os deberes

4.2. Mellorar o autoconñecemento

- A identidade persoal
- Identificar sentimentos
- Coñecer as habilidades, actitudes, intereses, motivacións e aptitudes
- As nosas vivencias e circunstancias persoais

4.3. Mellorar a autoestima

- O autoconceito: importancia na adolescencia
- Identidade e autenticidade
- Importancia dunha autoestima positiva na autorealización e relacións cos demais
- Fomento da autoestima: pertenza, competencia e valía persoal

5. Metodoloxía.

5.1.Estratexias de intervención

A metodoloxía empregada na posta en práctica deste Programa favorecerá a participación activa e a cooperación de todos os participantes implicados no mesmo.

O programa desenvolverase a través de dinámicas de grupo, adaptadas ás habilidades e características do alumnado, e a través de actividades reflexivas no caso do tratamento individual. O programa pretende que o alumnado sexa e se sinta protagonista do seu propio proceso de desenvolvemento, potenciando ao máximo a súa participación, e valorando os seus progresos.

6. Temporalización

O programa proposto desenvolverase de xeito grupal ao longo de todo o curso académico, a través do PAT, con maior incidencia en momentos clave, como o inicio de curso, co establecemento de normas, a cohesión de grupos, a acollida a novo alumnado, etc.

De xeito individual atenderá aos momentos nos que sexa preciso establecer medidas correctoras para o alumnado.

7. Recursos

- ✓ Materiais:

O Departamento de Orientación facilitará o asesoramento, soporte técnico e material necesario para a actuación dos tutores, o desenvolvemento da acción tutorial e a posta en marcha das actividades nas sesións de tutoría e os diferentes programas deseñados.

Algúns dos materiais disponibles no departamento son:

- MONJAS CASARES, M^o INÉS (2007): *Cómo promoverla convivencia: Programa de Asertividad y Habilidades Sociales (PAHS)*. CEPE, Madrid
 - VALLÉS ARÁNDIGA, ANTONIO (2003): *Habilidades Sociales III. Método EOS*. EOS, Valencia
 - AAVV (2007): *Aprende a Resolver Conflictos. Programa para la mejora de la convivencia escolar (ARCO)*. CEPE, Madrid.
 - SEGURA MORALES, MANUEL (2011): *Jóvenes y adultos con problemas de conducta. El buen rollo. Programa de Competencia Social para personas difíciles*. Narcea, Madrid.
- ✓ Humanos: estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor, tentando así mesmo implicar ao profesorado e ás familias. En concreto os recursos humanos cos que contaremos son:
- Titores/as
 - Orientador
 - Profesorado
 - Xefa de estudos
 - Traballadora Social do Concello
 - Ongs e asociación diversas
 - Colaboracións puntuais de especialistas na materia
- ✓ Organizativos: como recursos organizativos contamos coas reunións semanais de titores, reunións da Comisión de Convivencia e as propias do Departamento de Orientación.

8. Avaliación

A avaliación terá como finalidade ser referente de reflexión para a modificación, adaptación e mellora da dinámica do centro escolar, así como analizar e establecer liñas de actuación; adoptar criterios xerais comúns; intercambiar información, experiencias, materiais e recursos; deseñar, analizar e desenvolver actuacións; ou outras accións que sexan necesarias para a calidade da súa intervención e da educación en xeral, que permitan o desenrolo integral do alumnado.

Os cambios no alumnado poden avaliarse do seguinte xeito:

-Percepción subxectiva do cambio: do/a alumno/a, da familia, do profesorado e compañeiros/as e das profesionais que interveñen.

-Rexistros condutuáis.

-Aplicarase unha enquisa obxectiva ao profesorado e a familia.

-Incidencia das condutas disruptivas do/a alumno/a.

Cada unha das actividades realizadas estará suxeita a un proceso de revisión e seguimento, podendo introducir as modificacións que se consideren oportunas.

REDACCIÓN DO PLAN: Maite Díaz Alonso, Orientadora.

Aprobación:

Xabier :Profesor de Pedagogía Terapéutica

María José Pazo Pérez: Profesora ámbito científico/matemático

Mª Carmen Pérez Muradas: Profesora ámbito lingüístico/social